



SESION ORDINARIA DE 27 DE DECEMBRO DE 2024

(Acta número 12)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e sete de decembro de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Asiste de xeito telemático, manifestando que se encontra en territorio español, o señor deputado don Daniel García Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de novembro de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E ANEXOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“I.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu art. 36 (parágrafo 1º) establece que: *“1. Son competencias propias da Deputación as que lles atribúan, nese concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso:*

a. A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e axeitada a que se refire o apartado a do número 2 do artigo 3l.

b. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.”

E no parágrafo segundo, concreta: *“2. Aos efectos do disposto nos parágrafos a) e b) do número anterior, a Deputación:*

a. Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, na elaboración da cal deben participar os municipios da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que atoparase o análises dos custes efectivos dos servizos dos concellos, poderá financiarse con medios propios da Deputación ou entidade equivalente, as achegas municipais e as subvencións que acorden a Comunidade Autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos orzamentos ...”

II.- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no artigo 110 tamén prevé que as deputacións aproben anualmente un plan provincial de



cooperación as obras e servizos de competencia municipal, garantindo a participación dos Concellos na súa elaboración.

III.- O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes sobre réxime local, no artigo 32, prevé que para o desenvolvemento da cooperación, as Deputacións, coa participación dos Concellos, redactarán os plans provinciais previstos no Art. 36 da LBRL, fixando na tramitación deses plans un trámite de información pública, mediante anuncio no BOP, polo prazo de dez días.

IV.- Tendo en conta devandita normativa, o equipo de Goberno ten a vontade de elaboración dun Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, que vai máis aló das obras e servizos tradicionais e incorpora servizos demandados polos veciños, como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e outros; e programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro: eixes básicos do plan, aínda que cada Concello no exercicio da autonomía a apegados á súa realidade, concrete as accións a desenvolver.

A xustificación de obxectivos, criterios de distribución, obxectividade, transparencia, e participación dos municipios quedan reflectidas nas bases elaboradas e que se someten a aprobación do pleno.

V.- A Deputación provincial trata así de dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada Concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en qué e cómo gastar) mediante a ampliación e flexibilizando o seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais, coñecendo os fondos de que dispoñen para un período de tempo razoable de xestión e execución.

VI.- O Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, no que atinxe aos instrumentos de cooperación con municipios, na medida en que a mesma pasa a concentrarse, basicamente, nun Plan que se distribúe territorialmente con criterios obxectivos, reducindo a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundando deste modo na equidade, obxectividade e transparencia nas políticas e actividade de cooperación cos concellos.

VII.- Nas bases téñense en consideración aquelas recomendacións do Consello de Contas de Galicia emitidas no Informe de fiscalización sobre os criterios de reparto de recursos entre Concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia do gasto,

incluíndo por parte desta Deputación aquelas que considera axeitadas e realiza a incorporación das mesmas nas Bases do plan.

VIII.- Xunto co anterior, preténdese unha racionalización, simplificación e redución dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención e convenios; de tal maneira que a colaboración financeira da Deputación cos concellos queda basicamente concentrada neste Plan Deputación de Cooperación cos Concellos.

Xa que logo, este plan potencia a autonomía e responsabilidade dos Concellos, mostrando o papel colaborador dos gobernos intermedios, como as Deputacións Provinciais; e mostra a convicción de que a cooperación entre administracións e a canle para satisfacer as necesidades dos veciños da Provincia, en accións de gobernanza deseñadas e aplicadas pensando nas persoas.

Son 22.000.000,00 euros para Lugo e os seus habitantes, repartidos por todo o territorio, co obxectivo final de mellorar a economía real, a actividade socioeconómica e calidade de vida.

Por todo o exposto, por esta Presidencia, previo informes dos servizos, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases do Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2025 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.

2º.- Ordenar que se publiquen as Bases do Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2025 e anexos no BOP, na páxina Web da Deputación e participalo a todos os Concellos.

3º.- Ordenar que pola Unidade de Obras e Plans (Servizo de Contratación e Fomento) se elabore o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 de acordo coas bases e as solicitudes dos Concellos.

4º.- Someter dito plan, unha vez elaborado, á aprobación do Pleno”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

No transcurso do debate incorpórase á sesión o señor Deputado D. Miguel Fernández Méndez.



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=2>

3.- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVAS AO ORZAMENTO XERAL DE 2025, E APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que textualmente di o seguinte:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“...

PROPOSTA DA PRESIDENCIA

Asunto: Reclamacións administrativas ao Orzamento Xeral de 2025 e aprobación definitiva

O proxecto de Orzamento Xeral 2025 da Excm. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente en sesión ordinaria o pasado 26 de novembro, e exposto ao público segundo anuncio no BOP nº 274, do 27 de novembro, por espazo de 15 días hábiles. Presentáronse en prazo, no Rexistro Xeral de entrada, as seguintes alegacións:

1. O 18.12.2024 co número 2024RPE023319 de rexistro, por María Lourdes Fernández Arias, en representación da Plataforma pro Residencia Comarcal de Becerreá, rexistrada no Concello de Becerreá o 16.12.2024.
2. O 18.12.2024 co número 2024RPE023321 de rexistro, por Manuel Martínez Núñez, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá, rexistrada no Concello de Becerreá o 16.12.2024.
3. E no Rexistro Xeral de entrada da Deputación, o 18.12.2024 co número 2024RPE023353 de rexistro, por José Luis Lolo Celeiro, en representación de COGAMI LUGO.

Á vista dos escritos presentados e do Informe de Intervención, ponse de manifesto a procedencia de desestimar as dúas primeiras reclamacións presentadas, e de non admitir a terceira, contra o Proxecto de Orzamento 2025, polo que en base a dito informe propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º. Desestimar a reclamación presentada por María Lourdes Fernández Arias, en representación da Plataforma pro Residencia de Becerreá.

2º. Desestimar a reclamación presentada por Manuel Martínez Núñez, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá.

3º. Non admitir a reclamación de José Luis Lolo Celeiro, en representación de COGAMI LUGO.

4º. Aprobar definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2025, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente.

...”

Toma a palabra a Interventora para explicar resumidamente o contido do seu informe, e pregunta o Presidente aos Deputados se hai algunha cuestión sobre este asunto e, non habendo, sometese a votación a proposta da Presidencia, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. Hector Manuel Corujo González, D. Luis Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=3>

--oo0oo--

4.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEFENSA DO SERVIZO DE ATENCIÓN NO FOGAR (SAF)

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:



“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa condición de deputada voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en defensa do servizo de atención no fogar (SAF).

Exposición de Motivos:

O grave deterioro da atención ás persoas maiores, cun tempo de espera de 378 días de media para tramitar a dependencia, “máis do dobre do que indica a lei”, e unha listaxe de espera de 2.703 maiores agardando por unha valoración de grao, pola resolución das axudas ou polo acceso a unha prestación á que teñen dereito, lévanos a facer fronte a un Goberno do PP que está vulnerando os dereitos das persoas maiores, deteriorando non só a súa calidade de vida, senón tamén a das persoas que as coidan.

Segundo os datos do Imserso do pasado mes de outubro, Galiza é a cuarta comunidade con maior tempo de espera e unha das que máis medra este tempo de agarda. Isto ten consecuencias para a vida das persoas; non son simples números, detrás hai persoas, son casos reais da desprotección na que se atopan tanto as persoas maiores como as persoas ao seu cargo.

As familias que necesitan axuda, non a teñen, e o goberno do PP da Xunta de Galiza ten o SAF en situación de colapso. A listaxe de agarda do SAF só dá altas por falecemento, esta é a situación que soportan as persoas maiores en Galiza, que para recibir o servizo de axuda no seu domicilio, teñen que agardar a que outra faleza e iso é dunha crueldade intolerable.

Hai que incrementar os recursos destinados ao SAF para que as persoas maiores reciban a atención que precisan e merecen, porque a xente maior ten dereito a pasar esa etapa vital cos seus.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos.

Acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a duplicar os equipos de valoración da dependencia, o que permitirá reducir as listaxes de agarda e atender as persoas en tempo e forma, como marca a lei.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos destinados ao SAF para pasar de 12 euros a 20 euros a hora”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta Proposta de Goberno, por parte do Grupo Provincial Popular, preséntase unha emenda de substitución, que textualmente di o seguinte:

“O Grupo Provincial Popular propón substituír o texto da proposta de acordos formulada polo seguinte texto:

“Demandar ao Goberno de España o cumprimento da súa obriga de cofinanciar nun 50% a atención á dependencia, tal e como establece a normativa neste eido”.

A emenda é rexeitada polos grupos asinantes da proposta de Goberno.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE TRANSPORTE POR ESTRADA PARA A PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo



Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia un plan de transporte por estrada para a provincia de Lugo

Dentro da deixadez no desenvolvemento das competencias que lle atribúe o Estatuto de Autonomía, a falla de atención da Xunta cara á mobilidade é un dos mais prexudiciais para a calidade de vida dos galegos e galegas, para o desenvolvemento do rural, e para a competitividade da nosa economía. Este Pleno ten abordado en distintas ocasións a negativa do goberno do PP a desenvolver, por exemplo, un servizo de cercanías ferroviario.

O pasado día 5 de decembro tivemos un novo exemplo do pouco que lle preocupa ós populares lucenses a mobilidade, nunha reunión de Senadores, Alcaldes e Portavoces para analizar o Plan de Mobilidade Sostible do Goberno. Dun xeito resumido, este Plan busca racionalizar as grandes rutas nacionais, reducir o custo dos billetes nun 20% e a duración dos traxectos nun 30%. Ou sexa, que as liñas nacionais sexan máis rápidas, e que os desprazamentos interiores pasen a ser asumidos por servizos de lanzadeira e por novas rutas autonómicas.

Tendo en conta que o Plan do Goberno prevé 40 millóns de euros en axudas para que as CCAA asuman as rutas da súa competencia, un pensaría que a reunión do día 5 sería para traballar nesa liña e ver que proposta lle levarían os populares lucenses á Xunta para seguir traballando na mellora, modernización e sostibilidade do noso transporte. Pero en lugar diso, das competencias autonómicas en mobilidade non se fala; de cómo facer para reclamar partes deses 40M de investimento, tampouco, e a reunión se resume cun titular partidista que acusa ó Presidente do Goberno de deixar sen bus ós concellos de Baralla, Chantada, O Corgo, Guitiriz, Meira, Monterroso, As Nogais, Palas de Rei, A Pontenova e Quiroga.

Resulta sorprendente que despois de 40 anos de Autonomía, os populares consideren que o transporte dos galegos depende de Madrid. E resultan sorprendentes tamén as declaracións no sentido de que se prospera o plan do Goberno, os concellos perderán “o servizo de forma completa”. Isto equivale a recoñecer que a Xunta non pensa facer nada pola mobilidade dos lucenses. Aínda que mesmo non é tan estraño, se temos en conta que na presentación dos Orzamentos para 2025, a Xunta non adica nen unha liña a falar de transporte público.

A Xunta non pode seguir inventando agravios inexistentes como escusa para non desenvolver as súas competencias. Entre cargar ós concellos con competencias impropias, e pedirlle ó Goberno do Estado que desenvolva servizos que son claramente autonómicos, a Xunta parece querer adicar o tempo á folganza en lugar de propoñer solucións de modernización e desenvolvemento para a nosa Comunidade.

Os socialistas lucenses temos un firme compromiso ca mobilidade, como ferramenta imprescindible de desenvolvemento económico e instrumento clave para axudar a frear as tendencias de perda de poboación do rural. Por iso sometemos, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- A elaboración dun plan de transporte de viaxeiros e mercadorías para a provincia de Lugo que teña en conta as seguintes necesidades:
 - O deseño das rutas interiores, tanto dentro da provincia, como na comunicación con outros puntos da Comunidade Galega, garantindo a interconectividade non só entre as grandes cidades senón tamén dos concellos do rural.
 - O deseño de servizos de lanzadeira que permitan a todos os lucenses conectar axeitadamente cos puntos de enlace das rutas nacionais e internacionais”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS PARA FOMENTAR A TITULARIDADE DA MULLER NAS EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:



“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia medidas para fomentar a titularidade da muller nas explotacións agrogandeiras

Os datos estatísticos e as análises sociolóxicas demostran que a perda de poboación do rural lucense ten un claro sesgo de xénero. Se os expertos calculan que 2/3 das persoas que abandonan o rural en España son mulleres, os concellos rurais da provincia perderon nas últimas dúas décadas un 24% da súa poboación feminina, tres puntos máis da perda de poboación masculina. Dende a Deputación vimos reclamando de xeito continuado ó goberno autonómico unha aposta polos servizos públicos – sanidade, educación, servizos sociais – como o mellor xeito de fixar poboación feminina no rural.

Pero xunto cos servizos públicos, cumpre tamén desenvolver medidas de respaldo no eido económico que poñan en valor o traballo das mulleres e lles axuden a desenvolver os seus proxectos no rural. Neste sentido,, o goberno socialista de Zapatero impulsou a Lei 35/2011 sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.

Un texto pioneiro, como tantos de aquel Goberno de progreso, que buscaba facilitar a incorporación das mulleres do rural á titularidade das explotacións familiares na que moitas delas traballaban de facto en pé de igualdade, pero nun papel que quedaba considerado como “axuda familiar”. Isto dificultaba o recoñecemento do seu traballo, o acceso a liñas de crédito ou a aqueles outros bens e dereitos vinculados non á terra, senón ó seu rendemento.

Unha década longa ten pasado dende a entrada en vigor desa lei, pero desgraciadamente a Xunta de Galicia non ten aproveitado este instrumento legal para fomentar a titularidade compartida e o recoñecemento e posta en valor en pé de igualdade do traballo da muller nas explotacións agrarias. Apenas 44 explotacións agrarias están acollidas a esta figura, 17 delas na nosa provincia. Unha porcentaxe case que insignificante sobre o total das explotacións gandeiras, e unha cifra absoluta moi inferior á de Comunidades como Estremadura, Castela e León ou Castela-A Mancha.

Os socialistas lucenses estamos convencidos de que o futuro do rural tense que escribir en feminino, porque se as mulleres abandonan o rural, o rural morre. E para frear esa marcha cumpre conxugar medidas que garantan os servizos públicas, con outras que aposten polo emprego, polo emprendemento, polo desenvolvemento

sostible e, por suposto, pola posta en valor do traballo feminino no eido rural. Por iso sometemos, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- O deseño e desenvolvemento dun conxunto de medidas que fomenten a adscrición da muller nas explotacións agrogandeiras ao réxime de titularidade única ou compartida, como xeito de poñer en valor o traballo da muller rural e facilitar o seu acceso a todos os dereitos.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG referida no epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para amosar o rexeitamento do Pleno ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa de ALTRI en Palas de Rei

Exposición de Motivos:



1. A XUNTA do Partido Popular e a empresa portuguesa Altri están a promover a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Dito proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganos, xa que durante máis de dous anos publicitouse como unha factoría de produción circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá uns fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural material e inmaterial, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

- Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme debido as macrodimensións da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas, ...

- Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000, e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.,

- Terá un impacto moi forte no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago (en varios dos seus itinerarios) e noutros bens culturais da contorna.

- Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

- Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego da contorna a medio e longo prazo (alterando substancialmente as relacións socioeconómicas da zona), o que non compensan en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto na economía da ría de Arousa.

- Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira

de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. Tanto a XUNTA como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno da XUNTA de Galiza, dos seguintes acordos:

1º.- Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, aos concellos e ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2º.- Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico as seguintes iniciativas:

- a) Aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación.
- b) Desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.
- c) O impulso da multifuncionalidade do monte, do desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3º.- Apoiar o seguinte manifesto ao que se deu lectura na manifestación celebrada o día 15 de decembro en Santiago de Compostela en contra da instalación da citada macrofactoría de pasta de celulosa

“ Hai un ano recibíamos a noticia, Altri é unha sombra que sobrevoa a terra do medio, e pretende botar raíces nas nosas comarcas como unha mala herba e chuchar a nosa auga e verter a súa merda ao río e á atmosfera de por vida -75 anos-.

O proceso administrativo para captar as augas e verter a merda comezaba. Na Xunta estaban seguros que tiñan todo ben atado e os feixes de cartos repartidos, neste conto os beneficiados son unha minoría de privilexiados que queren botarnos do noso territorio.

A partir de decembro, cando sae publicada a solicitude para captar a auga e facer a vertedura, comezamos o camiño de resistencia, camiñabamos convencidas de que isto íámolo parar. A cada mes que pasaba, eramos mais as voces que berrabamos contra o proxecto de Altri-Greenalia. Sumábanse máis colectivos e formábanse máis grupos de apoio.



O resultado foron 23.000 alegacións presentadas facendo fronte á barbarie, o pobo berraba alto Altri non, pero aos políticos da Xunta pouco lles importaba, a súa resposta foi unha campaña mediática para intentar lavarlle a cara ao proxecto.

O Consello da Cultura Galega respaldou recentemente os perigos que apuntamos nos últimos meses: Altri suporía unha ameaza medioambiental para o territorio galego, a nosa paisaxe perdería a súa riqueza co monocultivo de eucalipto e sentenciarían ao Ulla e á ría de Arousa. As nosas vidas, na terra do medio e na ría de Arousa, estarían ameazadas pola posible destrución da economía previa, condenando ao sector primario e ao sector servizos relacionado co Camiño de Santiago: un modo de vida que está funcionando e fixando poboación no rural.

Hai case que dous meses que o PP botou abaixo a I.L.P. para declarar de interese xeral ao sector tradicional do mar, mais non teñen reparos en declarar proxectos estratéxicos a ALTRI ou á mina de Touro, porque non queren que esteamos en pe de igualdade con eles, para así poder explotar os nosos recursos despregando unha estratexia de extractivismo colonial.

Queren impulsar industrias de enclave que se levan a nosa riqueza para fóra deixando ao seu paso un deserto contaminado no que é imposible manter a nosa forma de vida baseada na agro-gandería, nos cultivos marisqueiros e no turismo sostible.

Queren mudar o noso modelo produtivo que reparte riqueza, que fixa poboación, que é sostible e nos garante a soberanía alimentar. Pero somos fillas dunha paisaxe que nos alimenta, que é o noso fogar, somos irmáns da terra, a auga e o aire e non consentiremos que nos expulsen acabando coa nosa paisaxe e os nosos recursos.

Nas últimas semanas chegaronnos requirimentos, ás casas das persoas e dos colectivos que alegamos contra o proxecto Gamma, para afastarnos do proceso de alegacións, para intentar deslexitimar e anular os nosos dereitos cidadás.

Que non perdan o tempo! Nin nos van calar, nin nos dan medo!

Señores da Xunta:

Estannos dicindo que destinar millóns de euros das arcas públicas non afecta directamente aos nosos intereses como cidadás? Porqué non destinan eses cartos a sanear as rías ou rexenerar os bancos marisqueiros?

Estannos dicindo que contaminar a auga do río Ulla non afecta á calidade da auga potable que bebemos 145.000 veciños?

Estannos dicindo que a contaminación do río Ulla non vai chegar en 24 horas á ría de Arousa?

Estannos dicindo que somos parvos e que non vemos que isto vai de espoliar os recursos naturais de Galiza para que empresas foráneas se lucren a conta dos nosos intereses como galegos e galegas?

ALTRI é un proxecto contrario á creación de emprego digno, a sustentabilidade económica e social porque atenta contra todos os sectores económicos e produtivos do mar e do agro que xeramos riqueza social.

O berro de Altri Non, será cada vez máis forte porque defendemos a nosa dignidade e o noso dereito a vivir e traballar dignamente na nosa terra.

Levamos un ano xuntándonos e festexando que non somos unha poboación morta, que temos un sistema nutrido económico e socialmente, que non somos terra de sacrificio. A lexitimidade está da nosa parte, da parte do pobo. Ningunha mordaza nas nosas bocas. Todas xuntas, porque esta loita berrará sempre : ALTRI NON "

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 3 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); abstencións, 10 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista. Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, PARA QUE A DEPUTACIÓN DE LUGO SE DIRIXA AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA QUE ADOPTE AS MEDIDAS PARA O MANTENIMENTO DE MUFACE E GARANTIR A ATENCIÓN SANITARIA AOS MUTUALISTAS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para que a Deputación de Lugo se dirixa ao Goberno de España para que adopte as medidas para o mantemento de MUFACE e garantir a atención sanitaria aos mutualistas.

Exposición de Motivos:

Recentemente vimos de coñecer que as principais aseguradoras decidiron non presentarse ao concerto da mutualidade dos funcionarios, MUFACE. Isto débese, segundo as compañías, á infra-financiación do sistema. Alegan que o gasto nas prestacións médicas foi un 10% superior á prima recibida. Proba diso é que varias das aseguradoras si se presentan ás mutualidades dos funcionarios de Xustiza (MUGEJU) ou do exército (ISFAS).



Isto, xunto coa histórica reivindicación da ministra de Sanidade e dos grupos que apoian ao Goberno, danos a entender que non é algo casual, senón que este desprezo por MUFACE pode semellar algo intencionado.

Ademais, o pasado 10 de novembro, o Ministerio publicou un informe no que se concluía que o modelo de MUFACE non era sostible e deberían transferirse os seus usuarios á sanidade pública.

Isto sumado ás declaracións contraditorias por parte dos distintos Ministerios, ata o día de rexistro desta moción; así como anuncios de parches puntuais xustifican a necesidade de dar unha solución a longo prazo e definitiva a MUFACE que dea cobertura, certeza e seguridade ao millón e medio de funcionarios acollidos a este sistema mutualista.

En España son máis de millón e medio os usuarios de MUFACE -dos que en torno aos 8.000 son lucenses- que quedarían sen prestación sanitaria en caso de que o Goberno de España non poña remedio a esta situación; o que provocaría o colapso do sistema sanitario público, que se vería obrigado de súpeto a absorber un incremento notable da demanda asistencial, sen a planificación axeitada, o que dificultaría unha atención de calidade ao cidadán.

Resulta, polo tanto, de especial urxencia que o Goberno de España adopte todas as medidas que sexan precisas para garantir a continuidade do sistema, licitando canto antes o concerto e prevendo as medidas necesarias que garantan a atención sanitaria a estes mutualistas en caso de non conseguir ofertas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno provincial a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.- Informe con transparencia dos procedementos adoptados para a nova licitación para o concerto de xestión de MUFACE.
- 2.- Adopte cantas medidas sexan precisas para garantir a plena asistencia aos mutualistas, licitando de maneira urxente o concerto con MUFACE, e impedindo que esta impacte nos sistemas públicos das distintas comunidades autónomas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D. Carlos López López, D. Pablo Rivera Capón, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández,

representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra 10 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 3 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A IMPULSAR E POÑER EN MARCHA OS CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES COMPROMETIDOS EN DIVERSOS CONCELLOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar á Deputación de Lugo a impulsar e poñer en marcha os Centros de Atención a Maiores comprometidos en diversos concellos.

Exposición de Motivos:

A Deputación de Lugo comprometeu dende fai máis dunha década a construción de centros de atención a maiores en diversos concellos da provincia. Pero a día de hoxe son moitos os incumprimentos cos veciños e veciñas destes municipios.

O Grupo Provincial Popular incluía entre as súas propostas a ter en conta para os orzamentos da Deputación de Lugo para o ano 2025 -rexeitadas por PSOE e BNG- habilitar partidas orzamentarias suficientes para:

- A apertura inminente do centro de día e residencial comarcal en Becerreá, con orzamento específico para contratar a adquisición de mobiliario e materiais para equipar o inmovible construído e o persoal necesario para asegurar a prestación do servizo.



- Axilizar e finalizar as obras de construción dos centros de atención ás persoas maiores e centros de día nos concellos de Guitiriz, A Pontenova e A Pobra de Brollón.
- Iniciar as obras de construción dos centros de atención ás persoas maiores e centros de día en Folgoso do Courel -onde o Concello cumpriu coas obrigas subscritas no convenio interadministrativo de colaboración coa institución provincial, mentres que a Deputación de Lugo ten paralizado dende fai ano e medio os trámites, xa que falta modificar os prezos no proxecto- e Portomarín.
- A redacción dos proxectos para a posterior construción dos centros de atención ás persoas maiores e centros de día comprometidos nos concellos de Cervantes, Ourol, Pantón e O Saviñao.

O goberno provincial non só non tivo en contra as nosas propostas, senón que aprobou en solitario cos votos de PSOE e BNG un orzamento para a anualidade 2025 no que a Deputación Provincial baixa en 96.000 euros o orzamento total dirixido aos centros de atención a maiores. E os investimentos reais diminúen nun 12%. Con esta previsión orzamentaria, son razoables as dúbidas sobre a posta en marcha de novas residencias.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno provincial a impulsar de forma decidida a construción e/ou posta en marcha, segundo corresponda, dos centros de atención a maiores comprometidos pola Deputación de Lugo nos concellos de Becerreá, Folgoso do Courel, Portomarín, Guitiriz, A Pontenova, A Pobra de Brollón, Cervantes, O Saviñao, Ourol e Pantón”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D. Carlos López López, D. Pablo Rivera Capón, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- DACIÓN DE CONTA DA AUDITORÍA DE SISTEMAS ANUAL DO EXERCICIO 2023 DE VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNIS DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS. INFORME DEFINITIVO.

Dáse conta do informe da auditoría de sistemas anual do exercicio 2023 de verificación do cumprimento das condicións de funcionamento do rexistro contable de facturas, informe definitivo. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=10>

11.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO, DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, POLA QUE SE CONCEDE A AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA E DE CONSTRUCCIÓN DUNHA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO CONCELLO DE BECERREÁ.

O Pleno da Corporación queda enterado da resolución do Departamento Territorial de Lugo, pola que se concede autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica, “centro de seccionamento de compañía e liñas de conexión para edificio de residencia de ancianos”, no concello de Becerreá.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=11>

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 33/2024, DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE LUGO, NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 0000008/2024A

Dáse conta do Decreto 33/2024, do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Lugo, no procedemento ordinario 0000008/2024A, polo que se acorda ter por desistido no citado procedemento ao recorrente Xunta de Galicia, declarando a terminación do procedemento. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=12>

13.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNIS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día catro ata o vinte e nove de novembro de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de



Resolucións numeradas dende o 4998 ao 5494. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=13>

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=14>

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a cesión dos bens que se almacenan nas naves do polígono de Begonte, e que di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O Grupo Provincial Popular leva meses insistindo na necesidade de coñecer os bens que o equipo de goberno da Deputación de Lugo almacenaba nas naves situadas no polígono de Begonte.

Despois de moitas reclamacións, deputados deste grupo puideron acceder ao interior onde comprobaron o seu estado de abandono e que, en lugar de ser postas en valor, son empregadas como un almacén para todo tipo de materiais sen ningún tipo de control.

Posteriormente pediamos a elaboración dun inventario para coñecer con detalle os materiais almacenados nestas instalacións e a súa utilidade. Recentemente, puidemos coñecer o contido deste inventario que recolle 203 referencias de elementos de diversa clase (esculturas, embarcacións, maquinaria, material deportivo e polideportivo, material de obra, equipamentos e electrodomésticos industriais...).

Moitos destes elementos poden estar xa en mal estado debido ao tempo que levan depreciándose nesas naves; pero outros, tras unha posta a punto, poden ser útiles para Concellos e outras entidades.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao equipo de goberno da Deputación de Lugo que estableza un procedemento para a cesión gratuíta dos elementos catalogados da nave de Begonte a Concellos e outras entidades da provincia que así o soliciten”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á retirada do peche metálico no núcleo de San Estevo de Sil (Pantón), do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A colocación de vallas metálicas a ambas marxes da vía Ourense – Monforte ao seu paso polo núcleo de Santo Estevo do Sil (Pantón) impide a comunicación entre ambas marxes, toda vez que non se dispón de ningún tipo de paso peonil, nin a nivel, nin inferior, nin superior.

Pero non se trata só dunha situación de incomunicación entre veciños e veciñas, senón da imposibilidade para os veciños da marxe esquerda de acceder ás súas vivendas e propiedades -a única alternativa é dar un gran rodeo por un camiño privado de escarpada pendente e usar unha escaleira de 81 chanzos- e, para os veciños da marxe dereita, do bloqueo da única vía de evacuación en caso de inundación. De feito, a aldea atópase a pouco quilómetros da presa de Santo Estevo e a cotas máis baixas que os primeiros metros da estrada provincial LU-P-4103 que dá acceso ao núcleo e que na actualidade se atopa nun estado lamentable.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao equipo de goberno da Deputación de Lugo que inste ao Goberno de España a tomar medidas urxentes para evitar o illamento do núcleo de Santo Estevo do Sil (Pantón): a retirada do peche metálico recentemente instalado nas marxes da vía Ourense-Monforte, a autorización para que os veciños e veciñas poidan continuar empregando o paso a nivel sinalizado e autorizado antes das obras e executar un proxecto para a dotación dun paso peonil co que garantir a comunicación entre ambas marxes con seguridade”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao mapa de emerxencias, que textualmente di o seguinte:



“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

De acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contan con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Na actualidade, este mapa na nosa provincia está marcado pola inactividade de dous Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES Zona Montaña Oriental e GES Zona Os Ancares- Lugo- Sarria), que non se contemplan no novo convenio aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo na sesión celebrada o pasado venres 20/12/2024, ao que agora hai que sumar a situación do GES Zona A Mariña Central e Occidental con dificultade para cubrir o servizo debido á falta de persoal e sen garantías de continuidade a partir do 31 de decembro.

É dicir, dos 8 GES que debería haber na provincia non están en funcionamento 2 pertencentes á zona da Montaña (que de feito retiráronos do citado convenio) e ademais existe risco de perder a actividade dun terceiro GES, o da Mariña con sede de Cervo, sen que o goberno provincial de PSOE e BNG responda formalmente ás comunicacións da alcaldesa deste municipio nin teña en conta o acordo municipal adoptado o 4 de decembro polo Pleno para solicitar o apoio da Deputación de Lugo, atendendo ás súas competencias e responsabilidades, para facer posible así a súa continuidade.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta que o actual convenio expira o 31 de decembro, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que actuacións leva a cabo o equipo de goberno provincial para completar o mapa de emerxencias da provincia de Lugo e así asegurar que todos os GES operativos na provincia sigan prestando servizo público en materia de emerxencia, protección civil e prevención de incendios forestais e para recuperar os GES de Zona Montaña Oriental e GES Zona Os Ancares- Lugo- Sarria comezan a prestar o mesmo?

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao proxecto GAMA de Greenfiber (Altri), do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

O pasado 17 de xullo o Presidente da Deputación, José Tomé, deixaba aberta a porta durante unha comparecencia ante os medios de comunicación a apoiar o proxecto GAMA de Greenfiber (Altri) para o asentamento dunha fábrica de fibras téxtiles en Palas de Rei se cumpre os aspectos legais e medioambientais. É dicir, exactamente o que mantivo dende un comezo o Partido Popular en xeral e este Grupo Provincial Popular en particular.

Durante o pleno desta Deputación Provincial celebrado o 30 de xullo deste mesmo ano, o deputado Pablo Rivera expoñía ante unha pregunta do Grupo Provincial que: *“en relación con Altri, cando os informes medioambientais da Xunta de Galicia estean sobre a mesa e saibamos que é o que din os técnicos, evidentemente mostraremos a nosa opinión definitiva sobre este asunto e, polo tanto, imos esperar a que isto se produza”*.

Desde este grupo queremos coñecer a opinión dos representantes deste goberno provincial sobre a visita ás plantas en Portugal deste grupo empresarial na que puideron coñecer de primeira man a implantación desta industria nesas zonas, así como o proxecto proposto para Galicia en detalle.

Queremos coñecer a postura desta Deputación, especialmente logo de ver as distintas opinións dentro dos partidos que integran esta coalición de goberno e incluso das últimas declaracións do secretario xeral autonómico do PSdeG-PSOE.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

En caso de que o proxecto GAMA de Greenfiber (Altri) para a implantación dunha fábrica de fibras téxtiles obteña todos os informes técnicos favorables das distintas administracións, considera o equipo de goberno que se debe autorizar o proxecto ou non?”.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241227&punto=15>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,